



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014556	Coroso	Ribeira	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV01	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3046	Electricidade do vehículo	2017/2018	7	165	165

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ FERNANDO VÁZQUEZ MIRANDA
Outro profesorado	

Estado: Supervisada



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O contorno profesional no que se desenrola o currículo, podémolo concretar en tres apartados:

1. Ámbito profesional.

- Estas persoas exercen a súa actividade no sector do mantemento de vehículos, en talleres de reparación e concesionarios de vehículos, aumobiles, industriais, agrícolas e de obras públicas, etc.

2. Sectores produtivos.

- O perfil profesional deste título, dentro do sector produtivo, sinala unha evolución cara á utilización de novos materiais (novas aliaxes, materiais compostos, etc.) que constituirán os elementos da área de electromecánica, cunha redución de peso, o que redundará nun consumo máis racional dos vehículos e unha menor contaminación, a utilización de novos elementos electrónicos e informáticos que gobernarán os sistemas dos vehículos e, en moitos casos, a substitución de elementos eléctricos e mecánicos.

- Darase unha progresiva implantación de novos motores alimentados por combustibles non derivados do petróleo, en moitos casos os denominados híbridos (con combustibles alternativos) e os eléctricos. O cambio de velocidades será substituído por variadores de par automáticos.

- Utilizaranse equipamentos máis sofisticados que permitirán maior precisión nos traballos de reparación, diagnose e verificación na área de electromecánica.

- A aplicación de novas normas na seguridade activa e pasiva dos vehículos dará lugar a un aumento nos niveis de calidade exixidos no mantemento, determinando unha actividade máis rigorosa para o seu control, baseada na comprensión e na aplicación adecuada das normas de calidade específicas.

- Producirase tamén un maior desenvolvemento dos plans de seguridade nos talleres coa aplicación da normativa de seguridade, prevención e protección ambiental, así como a súa adaptación ao tratamento e a xestión de residuos e axentes contaminantes, e maior exixencia na súa aplicación e no seu cumprimento.

3. Ocupacións e postos de traballo máis salientables.

- Axudante na área de carrozaría.

- Axudante na área de electromecánica.

- Operario/a de taller de mecánica rápida.

- Auxiliar de almacén de recambios.

- Operario/a de empresas de substitución de cristais



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A electricidade, magnitudes e medicións	Coñecer as diferentes magnitudes eléctricas, tendo en conta a relación entre as mesmas e as características dos equipamentos de medida.	20	15
2	Mantemento dos sistemas de carga	Analizar o funcionamento e mantemento dos sistemas de carga e arranque	35	18
3	Mantemento dos sistemas de arranque	Analizar o funcionamento e mantemento dos sistemas de arranque	35	18
4	Circuitos de alumeado e sinalización	Analizar o funcionamento e mantemento dos sistemas de alumeado e sinalización	26	18
5	Elementos auxiliares a conducción	Analizar o funcionamento e mantemento dos elementos de confort do vehículo	29	18
6	Iniciativa emprendedora nas operacións de electricidade do vehículo	Analizar os diferentes procedementos a hora de realizar o mantemento nos sistemas electricos basicos.	20	13



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A electricidade, magnitudes e medicións	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza operacións de medidas eléctricas básicas, tendo en conta a relación entre as magnitudes e as características dos equipamentos de medida	SI
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os circuitos eléctricos básicos dun vehículo co seu funcionamento
CA1.2 Relacionáronse os elementos eléctricos e electrónicos básicos utilizados no automóbil coa súa composición, o seu funcionamento e a súa simboloxía
CA1.3 Comprobouse o funcionamento do circuito eléctrico básico do vehículo, medindo voltaxe, continuidade, resistencia e intensidade, en relación coas súas unidades de medida
CA1.4 Realizáronse co polímetro medicións eléctricas de asociacións de resistencias en serie e paralelo sobre circuitos eléctricos básicos, segundo os procesos establecidos
CA1.5 Relacionouse o valor das resistencias empregadas nos circuitos eléctricos básicos do vehículo co seu código de cores
CA1.6 Realizáronse medicións de intensidade coa pinza amperimétrica sobre circuitos eléctricos básicos do vehículo, segundo os procesos establecidos
CA1.7 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA5.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e as máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identifícanse os riscos eléctricos en diferentes operacións do proceso
CA5.4 Aplicáronse en todo o proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA5.5 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades

4.1.e) Contidos

Contidos
Unidades e magnitudes.
Composición dun circuito eléctrico básico.
Lei de Ohm.
Asociación de resistencias.
Equipamentos e utensilios de medida e comprobación.
Representación da simboloxía dos elementos eléctricos e electrónicos básicos.
Análise das medidas obtidas cos equipamentos.



Contidos
Normas de seguridade.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Mantemento dos sistemas de carga	35

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións de mantemento básico de elementos do circuíto de carga e arranque, tendo en conta a relación entre os seus parámetros de funcionamento e as especificacións de fábrica	NO
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse os principios de funcionamento dos sistemas de carga e arranque cos seus compoñentes e coa situación no vehículo
CA2.2 Controlouse o nivel de electrólito da batería segundo as normas establecidas e, en caso necesario, repúxose
CA2.3 Verificouse a densidade do electrólito cos aparellos de medida adecuados, tendo en conta a relación entre os parámetros de tensión e densidade
CA2.4 Substituíuse a batería e comprobouse a súa conexión e o seu funcionamento, conforme as condicións de seguridade requiridas
CA2.6 Realizouse a substitución do alternador e comprobouse a carga da batería conforme os procesos establecidos
CA2.7 Realizouse a carga de baterías mediante o cargador segundo os parámetros e as características técnicas establecidas
CA2.8 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas establecidas
CA2.9 Mantivéronse as medidas de seguridade que o traballo require
CA5.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e as máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identifícanse os riscos eléctricos en diferentes operacións do proceso
CA5.3 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA5.4 Aplicáronse en todo o proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA5.5 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA5.6 Identifícanse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA5.7 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA5.8 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.2.e) Contidos

Contidos
Baterías.
Nomenclatura da batería.



Contidos

Asociación de baterías.

Carga de baterías e comprobación.

Técnicas de substitución.

Alternador. Técnicas de desmontaxe e montaxe. Verificacións básicas.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Normas de seguridade.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Mantemento dos sistemas de arranque	35

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións de mantemento básico de elementos do circuíto de carga e arranque, tendo en conta a relación entre os seus parámetros de funcionamento e as especificacións de fábrica	NO
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse os principios de funcionamento dos sistemas de carga e arranque cos seus compoñentes e coa situación no vehículo
CA2.5 Realizouse a substitución do motor de arranque e comprobouse a intensidade que recibe e o seu funcionamento, conforme os procesos establecidos e as condicións de seguridade requiridas
CA2.8 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas establecidas
CA2.9 Mantivéronse as medidas de seguridade que o traballo require
CA5.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e as máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identifícanse os riscos eléctricos en diferentes operacións do proceso
CA5.5 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA5.7 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA5.8 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.3.e) Contidos

Contidos
Motor de arranque.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Normas de seguridade.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Circuitos de alumado e sinalización	26

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o mantemento básico dos sistemas auxiliares do vehículo, analizando os elementos que compoñen cada circuíto e tendo en conta a relación entre os seus parámetros de funcionamento e as especificacións de fábrica	NO
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionáronse os elementos básicos dos sistemas auxiliares do vehículo cos elementos que os compoñen, a súa situación e o seu funcionamento
CA3.2 Realizouse a substitución de faros e pilotos do vehículo e comprobouse o seu funcionamento e as súas características, segundo as especificacións de fábrica
CA3.3 Substituíronse as lámpadas dos sistemas auxiliares, identificando o tipo e a nomenclatura serigrafada, segundo os procedementos establecidos
CA3.4 Verificouse a continuidade dos fusibles e, en caso necesario, substituíronse, tendo en conta as características do fusible e a cantidade de corrente que soporte
CA3.5 Substituíronse os relés dos sistemas auxiliares do vehículo, tendo en conta a relación entre o tipo de relé e o circuíto correspondente
CA3.6 Verificouse e axustouse a altura de faros co regroscopio, segundo as especificacións de fábrica
CA3.9 Substituíronse os interruptores e os conmutadores do vehículo, e comprobouse o seu funcionamento
CA3.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA5.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e as máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identificáronse os riscos eléctricos en diferentes operacións do proceso
CA5.3 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA5.5 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA5.6 Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA5.7 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA5.8 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.4.e) Contidos

Contidos
Sistema de intermitencias e iluminación: principio de funcionamento.
Relés.
Fusibles.



Contidos

Interruptores e conmutadores.

Técnicas de desmontaxe e montaxe. Comprobacións básicas.

Axuste de faros.

Accesorios.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Normas de seguridade.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Elementos auxiliares a conducción	29

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o mantemento básico dos sistemas auxiliares do vehículo, analizando os elementos que compoñen cada circuíto e tendo en conta a relación entre os seus parámetros de funcionamento e as especificacións de fábrica	NO
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionáronse os elementos básicos dos sistemas auxiliares do vehículo cos elementos que os compoñen, a súa situación e o seu funcionamento
CA3.4 Verificouse a continuidade dos fusibles e, en caso necesario, substituíronse, tendo en conta as características do fusible e a cantidade de corrente que soporte
CA3.5 Substituíronse os relés dos sistemas auxiliares do vehículo, tendo en conta a relación entre o tipo de relé e o circuíto correspondente
CA3.7 Substituíronse as bucinas do vehículo e verificouse o seu funcionamento
CA3.8 Realizouse a substitución do limpaparabrisas, lavaparabrisas e lavafaros, e comprobouse o seu axuste e o seu funcionamento, segundo as especificacións técnicas
CA3.9 Substituíronse os interruptores e os conmutadores do vehículo, e comprobouse o seu funcionamento
CA3.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA5.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e as máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identifícanse os riscos eléctricos en diferentes operacións do proceso
CA5.3 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA5.5 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA5.6 Identifícanse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA5.7 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA5.8 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.5.e) Contidos

Contidos
Relés.
Fusibles.
Interruptores e conmutadores.
Técnicas de desmontaxe e montaxe. Comprobacións básicas.



Contidos

Accesorios.

Bucinas: elementos que as compoñen; técnicas de substitución e verificación.

Limpaparabrisas, lavaparabrisas e lavafaros: tipos; técnicas de desmontaxe e montaxe; comprobacións básicas.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Normas de seguridade.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Iniciativa emprendedora nas operacións de electricidade do vehículo	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das operacións de electricidade do vehículo	SI
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as operacións de electricidade do vehículo
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas operacións de electricidade do vehículo
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas operacións de electricidade do vehículo
CA5.9 Determina as medidas de prevención de riscos e de protección no seu ámbito laboral e identifica os protocolos para o seguimento e o control das actuacións preventivas básicas.
CA5.9.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención elementais e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias.
CA5.9.2 Xustifícase a importancia de actuacións preventivas básicas, tales como a orde, a limpeza e o mantemento en xeral.
CA5.9.3 Descríbense os protocolos de seguimento e de control das actuacións preventivas básicas.
CA5.9.4 Analízase o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA5.9.5 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual axeitados para as situacións de risco atopadas.
CA5.9.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos.
CA5.9.7 Analízanse os protocolos de actuación en caso de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA5.9.8 Descríbiuse a composición e o uso da caixa de urxencias.
CA5.9.9 Identifícase e clasifícase a documentación resultante das actividades e medidas de prevención de riscos realizadas e aplicadas na empresa.
CA5.9.10 Distingúronse os elementos do plan de prevención de riscos dun centro de traballo relacionado co sector ou cos sectores relacionados co título.
CA5.9.11 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

4.6.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora nas operacións de electricidade do vehículo.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas operacións de electricidade do vehículo.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas operacións de electricidade do vehículo.



Contidos

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

Seguimento e control das actuacións preventivas básicas.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Elaboración e conservación da documentación relacionada co sistema de prevención de riscos.

Plan de prevención na empresa.

Plan de emerxencia e de evacuación en ámbitos de traballo.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles coinciden coas competencias profesionais, persoais e sociais que o alumno ten que acadar na FPB,:

- Realizar operacións de medidas eléctricas básicas, tendo en conta a relación entre as magnitudes e as características dos equipamentos de medida.
- Realizar operacións de mantemento dos sistemas de carga e arranque, tras unha adecuada selección das ferramentas e os equipamentos relacionados co proceso que se realice.
- Realizar operacións de mantemento dos sistemas auxiliares, tras unha adecuada selección das ferramentas e os equipamentos relacionados co proceso que se realice.
- Manter limpo e ordenado o posto de traballo, e preparar a maquinaria, as ferramentas, os equipamentos e os útiles necesarios para levar a cabo as operacións de mantemento de vehículos.
- Cumprir as normas de seguridade e saúde laboral no traballo, e detectar e previr os riscos asociados a el.
- Recoller os residuos xerados no proceso de mantemento de vehículos, e clasificalos segundo a normativa ambiental.
- Manter hábitos de orde, puntualidade, responsabilidade, respecto e curiosidade técnica na actividade laboral.

Criterios de cualificación:

- Probas escritas: As probas escritas valoraranse sobre 10 puntos, normalmente as probas teóricas constarán de 10 preguntas, tendo cada pregunta un valor de 1 punto, agás se especifíque o contrario na propia proba.
- Probas prácticas: As probas prácticas serán valoradas sobre 10 puntos, en función do resultado da operación (neste apartado terase especial atención a que os alumnos empreguen as medidas de seguridade e hixiene, posto que a non utilización das mesmas impedirá a realización da proba).

A nota da avaliación estará composta por:

- 40 % da nota da parte conceptual
- 50 % da nota da parte procedimental
- 10 % da aptitude e actitude do alumno en clase.

A valoración da aptitude/actitude será a seguinte;

- 0,2 por cada chamada de atención ao respecto do material
- 0,2 por cada falta na seguridade no traballo
- 0,1 por cada falta de limpeza
- 0,2 por cada falta de orden no traballo
- 0,1 por cada falta de puntualidade

- 0,2 por cada falta de actitude de cara a colaboración e participación

A avaliación será valorada como positiva cando o alumno supere cun 50% da nota cada unha das partes, do contrario avaliarase a avaliación cun 4 como máximo ata que se realice a recuperación das partes suspensas.

Non se faran aproximacións nas notas de avaliación a alza, é decir, para puntuar cun 5 ten que sacar cinco ou mais, e así con todas as calificacións. Solo se aproximará a nota máis próxima na 3ª avaliación e final.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación de cada trimestre realizarase mediante proba teórica escrita e/ou proba práctica, donde se verá si o alumno/a alcanzou os



coñecementos mínimos das partes que non superou.

As datas das probas de recuperación dos diferentes trimestre faránse de común acordo cos/as alumno/as, preferentemente ao finalizar o trimestre.

No caso de non recuperar antes da avaliación final de módulos, existe a posibilidade de recuperar no período habilitado para tal fin, entre o mes de maio e o de Xuño.

Para acadar a recuperación en cada unha das unidades didácticas, o alumnado deberá, despois dun período de repaso de conceptos, procedementos e aptitudes daquelas partes que non superase, de ser capaz de resolver de xeito satisfactorio, unha vez realizados exercicios prácticos e teóricos, os mínimos esixidos no punto anterior.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito á avaliación continua non está contemplada na FPB

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ó atoparse o centro inmerso nun sistema de calidade e estar en posesión da norma ISO, o centro ten certificados os sistemas de avaliación e xestión, someténdose todo o centro a diversas auditorias anuais tanto internas como externas, despois das cales se analizan resultados e non conformidades, elaborando propostas de mellora de correccións dos distintos parámetros non conformes, así mesmo tamén se realizaron as seguintes actuacións:

- +Seguimento da programación na aplicación informática da consellería
- +Seguimento da programación no caderno de clase
- +Sesións de avaliacións
- +Enquisa de acollida do alumnado
- +Enquisas de satisfacción da labor docente do alumnado
- +Realización de novas versións de traballo na aplicación de programacións da consellería si fose necesario
- +Memorias de módulo e ciclo.
- +E todas aquelas que poidan axudar a un mellor seguimento e actuacións de mellora

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Avaliación inicial do alumnado, terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado/a en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou profesora que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderase obter:

- 1- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada.
- 2- Dos estudos académicos ou as ensinanzas cursadas.
- 3- Do tipo de acceso ao ciclo.
- 4- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- 5- Da experiencia profesional previa.
- 6- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Os acordos que adopte o equipo docente nesta sesión de avaliación recolleranse nunha acta, especialmente aqueles que teñan que ver cos



aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas para alumnos con necesidades educativas especiais.

Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Alumnos con necesidades educativas especiais:

- Repetición de actividades.
- Realización de resumos de cada unidade didáctica.
- Realización de traballos extras.
- Utilización das novas tecnoloxías para acadara un mellor resultado.
- Mestura de alumnos con necesidades educativas especiais con outros con altas capacidades intelectuais.

Alumnos con altas capacidades intelectuais:

- Investigación na rede de preguntas realizadas polo profesor co obxectivo de acadar unha única resposta.
- Resolución de problemas de dificultade alta que incentiven as súas capacidades intelectuais.

Alumnos baixas capacidades de mobilidade:

- Para aqueles alumnos, que presentes problemas de mobilidade se lles deseñarán
- Actividades complementarias, para realizaren os contidos básicos dos procedementos do taller.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os profesores do grupo teñen que garantir que o alumno alcance unha correcta adquisición dos valores cotiáns para o desempeño da súa vida tanto persoal como profesional posto que ambas van ligadas, así pois o profesor ademais da materia a impartir especificada na programación ten que incluír exemplos e recomendacións para o desempeño das súas labores profesionais tales como:

- Educación ambiental, inculcando ó alumnado a responsabilidade no tratamento de residuos do vehículo, así como na importancia da redución das emisións contaminantes emitidas a atmosfera.
- Educación para o consumidor informando ó alumnado da situación do mercado e de prezos.
- Educación para a igualdade, inculcando ó alumnado, o compañeirismo e o respecto ó individuo e a convivencia dentro dun grupo.
- Educación para a saúde, inculcando ó alumnado as normas de seguridade e hixiene no traballo.
- Educación para autoformación e realización profesional.
- etc

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As aprobadas polo Departamento, Consello Social e Centro.

10. Outros apartados

10.1) non hai mais apartados

non hai mais apartados